



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Recursos bibliotecarios para a formación das coleccións nas bibliotecas públicas (en colaboración coa Consellería de Cultura e Deporte)

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	24
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2007
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Aproximación aos criterios e técnicas necesarias para manter unha colección actualizada e adaptada ás necesidades reais dos usuarios.

DESTINATARIOS

Destinatarios: bibliotecarios da rede de bibliotecas de Galicia.

PROGRAMA

1. A construción da proposta de lectura: políticas e discursos.
2. Selección e adquisición: as dúas caras do sistema.
3. O traballo de selección: entre a oferta e a demanda.
4. Fontes de información bibliográfica e recursos bibliotecarios: mercado e selección.
5. Recursos bibliográficos para a formación e o desenvolvemento das coleccións:
 - a) Cultura escrita.
 - b) Cultura audiovisual.
 - c) Cultura na rede.
6. Pautas e procedementos de adquisición.
7. Avaliación e valoración do traballo bibliográfico.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza o solicitante no desempeño do seu traballo e a materia ou materias obxecto do curso.
 2. O menor número de cursos realizados en escolas ou institutos da Administración pública (agás os cursos a que se refire o punto terceiro desta resolución) durante os últimos cinco anos.
 3. Ratio de orzamento en gastos correntes/habitante, segundo consta na estatística xeral do ano 2005 no caso das bibliotecas municipais.
 4. A antigüidade, como tal entenderase o tempo transcorrido desde a data de ingreso na Administración pública.
 5. Co obxecto de que estea representado o maior número posible de bibliotecas seleccionárase solamente un solicitante por centro.
 6. Establécese unha reserva de nove prazas para as bibliotecas xestionadas pola Xunta de Galicia e para o CSBG. Estas prazas cubriranse aplicando os criterios citados.
 7. No caso de vacantes, poderán cubrirse as prazas con titulados universitarios en biblioteconomía e/ou documentación, historia, filoloxía ou humanidades.
- En todo caso será aplicable, con carácter supletorio ao establecido nesta convocatoria, a Resolución do 30 de xaneiro de 2007 pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 27 do 7 de febreiro).

3. DATOS EDICIÓNS

CO07RB001SA

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 15/05/2007 a 15/06/2007

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE